

A COORDINACIÓN AUTONÓMICA DE TRANSPLANTES DE ADOS ORGANIZOU VARIAS CHARLAS PARA CONMEMORAR O DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS impartiu o pasado 7 de abril, varias charlas en diferentes centros educativos para conmemorar o Día Mundial da Saúde.

As charlas tiveron lugar no CPR San Martín de Ourense, no IES Enrique Muruais de Pontenova en Lugo e no IES do Castro en Vigo, onde os estudantes mostraron o seu interese polas materias que se impartiron sobre a doazón e os transplantes.

Este ano, a campaña posta en marcha pola Organización Mundial da Saúde (OMS) pon o foco nas nais e os recém nados, co obxectivo de apoiar unha mellor saúde posnatal e que os embarazos e partos sexan saudables.

Desde ADOS, unímonos a esta campaña que leva por título "*Comenzos saudables, futuros esperanzadores*".